INTRODUCIÓN

Que é o Plan Galego de Coidados Paliativos?

O Plan de coidados paliativos (PCP) é aquel que desenvolve a atención a pacientes diagnosticados de enfermidades oncolóxicas e non oncolóxicas progresivas e en estadio avanzado, tendo en conta que, dado o seu prognóstico limitado, o máis importante é proporcionar os coidados necesarios para atender as necesidades físicas, psicosociais e espirituais do paciente e da súa familia.

Por medio deste Plan, o Servizo Galego de Saúde quere facer efectivo o dereito de todos os cidadáns á atención integrada no final da vida, así como os coidados precisos para os enfermos crónicos e as súas familias.

O obxectivo é soster a mellor calidade de vida do enfermo, e apoiar aos seus familiares e achegados.

O acceso aos coidados paliativos basearase na necesidade, e non debe ser influído polo tipo de enfermidade, nin pola localización xeográfica , nin polo estatus socioeconómico ou outros factores semellantes.

Valores

- Universalidade
- Equidade
- Integridade
- Accesibilidade
- Promoción da autonomía e dignidade das persoas
- Atención interdisciplinar
- Satisfacción
- Transparencia

Principios

- **Calidade de vida**. O fin do Plan de coidados paliativos é soster a calidade de vida, para o que nin anticipa nin pospón a morte.
- **Apoio e confort**. O Plan de coidados paliativos recoñece o dereito do paciente e da súa familia a recibir apoio e respecto en todo momento.
- **Paciente tratado integralmente**. O Plan de coidados paliativos considera e trata o paciente como un todo individual con necesidades físicas, psicosociolóxicas e espirituais.
- **Paciente e familia como unidade obxecto da atención**. O Plan de coidados paliativos intenta atender todas as necesidades do paciente, así como as necesidades psicosociais e espirituais da súa familia (entendida esta como as persoas vinculadas directamente á vida e/ou ao coidado do paciente).
- **Autonomía persoal**. O Plan de coidados paliativos recoñece o dereito dos pacientes a tomar decisións baseadas no coñecemento e comprensión da súa situación e a que estas decisións sexan respectadas.